


1 Copia substituíndo as palabras destacadas polo adxectivo correspondente.

luminoso


minúsculo

distante


ardente




- É un planeta moi **afastado**.



- O Sol é un astro que **desprende calor**.



- Que cometa tan **brillante!**



- Mercurio é un planeta moi **pequeno**.

2 Completa cada oración coa palabra axeitada.

observar • meteorito • cometa • planeta • satélite • eclipsar



- Nós vivimos no _____ Terra.
- A Lúa é o único _____ que ten a Terra.
- Aquel astro que ten unha cola brillante é un _____.
- Os astrónomos usan o telescopio para _____ o universo.
- Este cráter provocouno un _____ que chocou coa Terra hai moitos anos.
- Mañá, ás doce do mediodía, a Lúa vai _____ o Sol durante catro minutos.

3 Indica, en cada oración, se a palabra destacada se usou en sentido literal ou en sentido figurado.

- Os astronautas fotografaron unha **estrela** descoñecida. ► _____
- Este rapaz é un **sol**, sempre está contento! ► _____
- A miña nai gústalle tomar o **sol** na terraza da casa. ► _____
- Xoán quere ter un grupo e ser unha **estrela** da canción. ► _____

4 Risca dous termos intrusos en cada caso.

POSESIVOS
DEMOSTRATIVOS

| | | | | | | |
|------|------|-------|------|-------|-------|------|
| meu | eles | nosas | súas | eu | miñas | teu |
| este | noso | iso | che | aquel | isto | esas |

5 Transforma empregando un posesivo axeitado coma no exemplo.

- Esa é a casa en que vivimos nós. ► *Esa é a nosa casa.*
- Probaches as filloas que cociñei eu? ► _____
- O balón con que xogamos nós está desinflado. ► _____
- O mural que fixeches con Xoán quedou precioso. ► _____
- Atopei o reloxo que perderas. ► _____

6 Completa cada grupo co demostrativo ou posesivo que se indica entre parénteses.

(Posesivo de 1.^a persoa e un só posuidor)

(Demostrativo, afastamento)

- _____ caderno de exercicios.

- _____ bancos do parque.

(Posesivo de 2.^a persoa e varios posuidores)

(Demostrativo, distancia media)

- _____ amigas da escola.

- _____ casa amarela.

7 Escribe unha oración cunha forma do demostrativo neutro (*isto*, *iso* ou *aquilo*).


8 Arrodea a sílaba tónica de cada palabra.

- | | | | | |
|------------|-----------|-----------|------------|----------|
| • porteiro | • máquina | • candeal | • teléfono | • xogará |
| • cómoda | • volveu | • réptil | • rapaz | • xabón |


9 Escribe dúas palabras que teñan tónica a última sílaba, dúas a penúltima e dúas a antepenúltima.

10 Numera e escribe a palabra que representa cada debuxo.

- A sílaba tónica ten a vogal e. ► _____
- A sílaba tónica ten a vogal o. ► _____
- A sílaba tónica ten a vogal á. ► _____




1 Eixe e responde. De que obxecto se trata en cada caso?




- É un mapa físico ou un mapa político?



- É unha maqueta ou un globo terráqueo?




- É un mapamundi ou un globo terráqueo?



- É un plano ou unha maqueta?

2 Identifica cada elemento no debuxo escribindo o seu número.

1. Océano
2. Illa
3. Arquipélago
4. Continente



3 Risca a palabra intrusa en cada campo léxico.

| | |
|----------|--|
| A escola | bolígrafo • lapis • durmir • goma • mestre • ximnasia • aprender |
|----------|--|

| | |
|-----------|---|
| O inverno | chover • vento • sandalia • abrigo • nevarada • arrefriado • estufa |
|-----------|---|

| | |
|---------|---|
| O circo | acróbata • mago • pista • trapecista • pallaso • público • hospital |
|---------|---|

4 Engádelle dúas palabras a cada campo léxico.

- As viaxes ► tren, condutor, autoestrada, guía, _____
- A roupa ► pantalóns, saia, pixama, axustado, _____

5 Arrodea os indefinidos e subliña os numerais que atopes nestas oracións.

- Ese mantel ten algunas manchas.
- É a terceira vez que chama hoxe.
- Teño bastante sono, vou para a cama.
- Quédanme dous caramelos na bolsa.
- Preciso outras pinturas para acabar o debuxo.
- Apuntáronse corenta persoas á excursión.

6 Completa cun numeral axeitado.

- A oficina de Andrea está no _____ andar do edificio.
- Eladio naceu en agosto, o _____ mes do ano.
- Nesta pastelaría fan cada día _____ barras de pan.
- Estaba tan cansa que durmiu _____ horas seguidas.
- A medalla de bronce correspónelle ao _____ clasificado.
- O médico díxome que teño que tomar o xarope _____ días.

7 Clasifica os numerais anteriores segundo o tipo a que pertencen.

- CARDINAL ► _____
- ORDINAL ► _____

8 Arrodea a sílaba tónica e di como é cada palabra: aguda, grave ou esdrúxula.

- | | |
|--------------------|---------------------|
| • cervo ► _____ | • maiúscula ► _____ |
| • levarán ► _____ | • agosto ► _____ |
| • flotador ► _____ | • xersei ► _____ |
| • gloria ► _____ | • máxico ► _____ |

9 Arrodea a palabra de cada tipo.

- | | |
|--------------------------------|---------------------------------|
| • Aguda ► comeu / comen | • Esdrúxula ► fabrica / fábrica |
| • Grave ► falara / falará | • Aguda ► soará / soara |
| • Esdrúxula ► música / musical | • Grave ► fácil / fáciles |

10 Ponles o acento gráfico ás palabras que deban levalo.

- | | | | | | | | |
|------------|------------|------------|------------|--------------|-----------|----------|-----------|
| • piramide | • chandal | • telefono | • util | • concerto | • Anton | • musico | • pincel |
| • lapis | • pelicula | • comic | • setembro | • quilometro | • estrada | • Ester | • cocinar |

Nome _____ Data _____

1 Completa cada oración co grupo de palabras axeitado.

uns prismáticos • un remo • uns bastóns • unha corda

- Para camiñar mellor, a sendeirista utiliza _____.
- O garda forestal colleu _____ para observar o voo duns paxaros.
- O escalador usa _____ como elemento de seguridade.
- O piragüista precisa _____ para conseguir impulsar a piragua polo río.

2 Relaciona os elementos das dúas columnas para formar oracóns.

- | | | |
|------------------|---|--|
| O piragüista | • | • intenta previr incendios no bosque. |
| O escalador | • | • explora os camiños da montaña. |
| O garda forestal | • | • envorcou no río e quedou enchougado. |
| O sendeirista | • | • descendeu por unha parede case lisa. |

3 Arrodea a palabra correcta en cada caso.

val / desfiladeiro

cordilleira / val

barranco / cima

cordilleira / barranco

4 Riscal a palabra que non pertence a cada familia.

- campo, acampada, campá, campesiño
- río, rir, riada
- rapaz, rapazada, rapante, rapaceiro

5 Escribe palabras da mesma familia ca os termos propostos, seguindo o exemplo.

• pastel ► pasteis, pasteiro, pasteira, pastelaria...



• zapato ► _____



• froita ► _____

6 Subliña o adxectivo de cada oración e arrodea o substantivo que acompaña. A continuación, copia cada grupo de substantivo e adxectivo onde corresponda.

- A min encántanme os ovos fritidos.
- Aquela rapaza morena é a miña irmá Claudia.
- Levámoslle a miña nai as flores azuis que tanto lle gustan.
- Xosé pasou a tarde xogando co balón novo.



- Masculino singular ► _____
- Feminino singular ► _____
- Masculino plural ► _____
- Feminino plural ► _____

7 Indica en que grao está cada adxectivo: positivo, comparativo ou superlativo.

- | | | | |
|-----------------|---------|--------------------|---------|
| • boísimos | ► _____ | • tan fermoso coma | ► _____ |
| • más grande ca | ► _____ | • docísima | ► _____ |
| • divertida | ► _____ | • menos barato ca | ► _____ |

8 Copia onde corresponda os adxectivos en grao comparativo da actividade anterior.

- Comparativo de superioridade ► _____
- Comparativo de inferioridade ► _____
- Comparativo de igualdade ► _____

9 Escolle a combinación axeitada en cada caso e escribe unha palabra con ditongo ou con hiato.

- | | | |
|--------------------|----------------------|---------------------|
| • au / aú ► s__de | • eu / eú ► chap__ | • oú / ou ► tes__ro |
| • ai / aí ► __nda | • ei / eí ► cad__ra | • oi / oí ► __dos |
| • ua / úa ► g__nte | • ue / úe ► destr__n | • uo / úo ► fl__r |
| • ia / ía ► Mar__ | • ie / íe ► V__nés | • io / ío ► atav__ |

10 Marca a opción correcta en cada caso.

Nos hiatos...

- ponse o acento gráfico sobre a vogal aberta.
- ponse o acento gráfico sobre a vogal pechada.
- ponse o acento gráfico sobre a vogal aberta.
- ponse acento gráfico sobre a vogal pechada.

Nos ditongos...